



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NA PARCELA DE EQUIPAMENTO IA-8 PLATAFORMA LOXÍSTICA DE MALLOU, MEIXONFRÍO (CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Promotor e órgano substantivo: Concello de Santiago de Compostela
Expediente: 2022AAE2660

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- 1 O concello de Santiago dispón dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 01.09.2008. Este PXOM non foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica, xa que o 16.04.2009 a anterior Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible resolveu a inviabilidade de sometelo a dito procedemento.
- 2 O 25.02.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Santiago de Compostela no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela de equipamento IA-8 Plataforma loxística de Mallou, Meixonfrío". Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do plan.
- 3 O 28.02.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consultas públicas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).



A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS


1. Características do plan

Obxecto: definir as condicións urbanísticas para a implantación dunha plataforma loxística para a distribución de mercadorías ao servizo da cidade histórica de Santiago de Compostela.

Ámbito de actuación: parcela dotacional IA-8 do sistema xeral de equipamentos situada en Mallou e integrada no sector de solo urbanizable SUD-1 "Mallou" do PXOM.

Linda polo norte coa rotonda de Meixonfrío, na que conflúen a avenida do Cruceiro da Coruña (antiga N-550) e a avenida de Asturias, polo sur linda coa rúa Nogueira de Mallou e polo oeste con predios edificados (solo urbano consolidado residencial).

Superficie: o ámbito do plan suma 13.511 m², dos cales 11.550 m² corresponden ao sistema xeral IA-8 e os 1.961 m² restantes a terreos lindeiros do dominio público viario que se inclúen para completar a ordenación.




Alternativas: non se formulan alternativas á proposta, xustificándose no documento ambiental estratéxico que o plan define as condicións de implantación dun edificio dotacional nunha parcela prevista para tal fin e que as determinacións da súa ordenación teñen o alcance dun estudo de detalle de ordenación de volumes polo que *as posibles variantes desta ordenación dentro da parcela resultan irrelevantes en termos de avaliación ambiental estratéxica*.



Proposta: o promotor xustifica no borrador a elección do emprazamento para a plataforma loxística na posición estratéxica do ámbito de actuación, situado entre a zona industrial, o núcleo urbano e a conexión con viarios de alta capacidade.

Para a ordenación do ámbito establécese como criterio xeral racionalizar os fluxos de entrada e saída dos camións e vehículos lixeiros de redistribución, de xeito que interfiran o mínimo posible sobre o sistema viario existente. Así, defínense catro zonas que organizan funcionalmente o ámbito:

- Área de movemento da edificación (AME): na que se situará a edificación da plataforma loxística, cunha altura máxima de 12 m.
- Espazo libre de edificación (ELP): terreos destinados á circulación, manobra e estacionamento dos vehículos. Prevese a ampliación e urbanización da rúa Nogueira de Mallou para que sexa capaz de soportar o tráfico pesado en dobre sentido de circulación e habilitar unha beirarrúa como mínimo na beira que dá fronte á parcela.
- Zona de amortecemento (IP-AA): franxa arborada situada no borde oeste do ámbito co obxecto crear unha barreira acústica e visual entre a nova plataforma loxística e a zona residencial, ao tempo que permitirá a conexión peonil entre as cotas altas das avenidas e as máis baixas da rúa Nogueira de Mallou.
- Reserva viaria (IP/RV): zona destinada ao futuro enlace da avenida do Cruceiro da Coruña co viario do sector SUD-1. En tanto non se desenvolva o sector, esta zona acondicionarase como zona verde pública, de estancia peonil e de paseo.



Támén se prevé no borrador soterrar a liña de media tensión aérea que afecta ao ámbito, rectificar o cruce da rúa da Revolta coa rúa da Nogueira de Mallou así como obter e urbanizar os terreos necesarios para o acceso, incluíndo o axeitado tratamento dos espazos peonís e a continuidade dos itinerarios.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do plan emprázase no norte da cidade de Santiago de Compostela, a menos de 2 km de distancia do centro histórico, das grandes áreas empresariais e comerciais (polígonos industriais do Tambre, de Boisaca e de Costa Vella) e dos nodos de conexión cos principais eixos viarios (N-550, circunvalación SC-20, AP-9, A-54).





O solo urbanizable SUD-1 abrangue unha ampla superficie (38,84 ha) e está aínda sen desenvolver. Foi previsto no PXOM como área de expansión do ensanche de Amio destinada a usos residencial e terciario. A parcela IA-8 é un sistema xeral de equipamento (uso administrativo) incluído no sector urbanizable.

A rúa Nogueira de Mallou constitúe na actualidade o principal acceso rodado ao ámbito, a cal enlaza polo leste coa avenida de Asturias nunha rotonda situada a uns 300m de distancia. No ámbito non existen edificacións, os terreos están labrados ou ocupados por vexetación herbácea e algunhas árbores dispersas, teñen unha lixeira pendente descendente en dirección oeste-leste.

O ámbito non coincide con ningún espazo natural protexido nin con hábitats naturais de interese cartografados. O río Sar transcorre a uns 200 m ao leste da actuación.

O Camiño Inglés cruza a avenida do Cruceiro da Coruña a uns 40m do ámbito, no seu percorrido cara o centro histórico, ficando parte del dentro do territorio histórico¹. Doutro lado desta avenida atópase o Castro do Cruceiro da Coruña (GA150078REF04), do cal apenas quedan vestixios e cuxo contorno de protección non afecta ao ámbito.

A zona de actuación conta cunha exposición visual media-baixa, resultando visible desde as zonas máis elevadas da súa contorna próxima, como as principais vías de comunicación que a bordean.

Na contorna existen redes de servizos urbanos (abastecemento, saneamento, electricidade, etc). O bordo leste do ámbito está afectado por unha liña eléctrica de media tensión.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Sinala que a LSG (artigo 28) permite realizar construcións en solo urbanizable sen aprobación previa da ordenación detallada no caso de se executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas.

¹ Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.





Informa das determinacións e documentación que debe conter o plan especial (artigo 73 da LSG e artigos 177, 178, 183 e 184 do RLSG) e que se deberá axustar ás regulacións das normas técnicas de planeamento de Galicia.

Instituto de Estudos do Territorio:

O plan especial non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que o ámbito no que se pretende executar a plataforma loxística queda integrado entre os polígonos industriais situados ao norte e o núcleo urbano ao sur, ao carón da N-550 e a N-634, se ben, ao atoparse lindando con edificacións residenciais e o Camiño de Santiago, pode producir un impacto visual neste elementos.

Conclúe que o plan non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben terse en consideración as cuestións que apunta no informe para mellorar a integración paisaxística da actuación.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Parte do ámbito do IA-8 atópase dentro do territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés, que conta cunha delimitación aprobada definitivamente (Decreto 110/2014). Fóra do ámbito atópase o Castro do Cruceiro da Coruña, do que apenas quedan vestixios, e un hórreo que non amosa valor cultural.

A zona de amortecemento prevista entre a área residencial e a plataforma loxística semella coincidir coa parte do territorio histórico do Camiño Inglés. Asemade, o plano de información (PINF_08AFECCIÓNS) recolle a información do Camiño de Santiago Inglés (trazado e ámbito de afección) e o Castro do Cruceiro da Coruña, aínda que non existe afección do plan ao citado castro.

Recolle no informe algunhas medidas protectoras e correctoras a adoptar no plan.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este plan especial preténdese ordenar un ámbito do sistema xeral de equipamentos para implantar un centro loxístico de distribución de mercadorías que dea servizo á zona histórica da cidade de Santiago.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O desenvolvemento do plan terá efectos positivos na zona histórica en canto á mobilidade, ao liberala dunha parte importante do tráfico actual de vehículos, o patrimonio e a poboación, ao reducírense os impactos actuais que xera este tráfico por ocupación do espazo público, emisión de gases e ruído, accidentes, etc.

O ámbito dispón de boa conexión co centro da cidade, as principais vías de comunicación exterior e coas áreas industriais e comerciais situadas ao norte e nordeste, ao tempo que non se detectan afeccións ambientais relevantes no seu interior, polo que semella ser un lugar axeitado para a implantación da dotación proxectada. Non se agardan efectos significativos en canto á ocupación do solo, ao tratase dun ámbito de reducida extensión (1,35 ha).





Non obstante, a proximidade do Camiño de Santiago Inglés e dunha área residencial (Mallou) require adoptar no plan medidas oportunas para unha axeitada integración da dotación. Neste sentido, a proposta formulada no borrador establece unha zona de amortecemento (separación) entre a área que se vai urbanizar e a zona residencial e, ademais, prevé realizar o acceso á plataforma desde a vía de servizo da avenida do Cruceiro da Coruña.

A documentación presentada non concreta as infraestruturas de servizos previstas e/ou conexión do ámbito cos sistemas exteriores, remitindo á obtención dos correspondentes informes das compañías subministradoras nunha fase posterior.

Por todo o exposto, non se agardan efectos ambientais adversos significativos como consecuencia do desenvolvemento do plan especial, se ben cómpre establecer algunhas determinacións que se concretan a continuación.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o plan especial. Porén, considérase preciso establecer as seguintes determinacións:

- Atendendo ao sinalado polo Instituto de Estudos do Territorio, deberá realizarse un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia), cuxo contido debe ser proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan. O estudo deberá incluír unha análise da visibilidade dende o Camiño de Santiago Inglés.

Con base neste estudo, preveranse as medidas oportunas para asegurar a mellor integración paisaxística posible, entre outras:

- crear barreiras vexetais nas marxes da parcela mediante arborado autóctono para minimizar o impacto visual da nova infraestrutura;
 - establecer unhas condicións tipolóxicas, estéticas e construtivas orientadas a que a edificación presente unha composición coidada (recoméndase para elo consultar a *Guía de cor e materiais*);
 - establecer na normativa as condicións para a regulación dos peches da parcela (teranse en conta as normas e recomendacións recollidas na *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*).
- Para garantir a protección do patrimonio cultural, darase cumprimento ás medidas expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe:
 - identificar axeitadamente no plan, tanto na memoria como nos planos de información e ordenación, a traza e territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés;
 - incluír na normativa o réxime xurídico de intervencións nos bens catalogados e os criterios de intervencións conforme ao disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.





- O plan especial conterá as medidas necesarias e suficientes para garantir a adecuada conexión do ámbito cos sistemas xerais exteriores existentes (abastecemento e saneamento de auga, entre outros) e, de ser necesario, a ampliación ou reforzo dos devanditos sistemas, atendendo ao que establezan os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras. Prestarase especial atención a unha adecuada xestión das augas pluviais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela de equipamento IA-8. Plataforma loxística de Mallou, Meixonfrío", no concello de Santiago de Compostela, posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do plan atenderase ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remitirase ao Concello de Santiago de Compostela xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático



PTU AC 2022 043

SANTIAGO DE COMPOSTELA

PEID PLATAFORMA LOXÍSTICA

MALLOU - PARCELA IA-8.

Consultas Art. 75.3 LSG

Páxina 1 de 2

INFORME SOBRE O PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE MALLOU NA PARCELA IA-8, NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA OS EFECTOS DO TRÁMITE DE CONSULTAS PREVISTO NO ARTIGO 75.3 DA LEI DO SOLO DE GALICIA.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCASC) somete a consultas desta Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) o plan especial referido en virtude do artigo 75.3.b da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e do artigo 186.3 do seu regulamento aprobado por Decreto 143/2016 (RLSG).

Analizada a documentación redactada polos servizos técnicos municipais e asinada pola arquitecta María Esther Sánchez Espiñeira en data 11/02/2022; e, vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, resulta:

I. ANTECEDENTES

1. O Concello de Santiago de Compostela dispón na actualidade de un Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 01/09/2008.
2. O órgano ambiental someteu este plan especial a consultas da DXOTU mediante oficio de data 28/04/2022; achegando:
 - a) Borrador do plan especial.
 - b) Documento ambiental estratéxico relativo ao plan especial.

II. OBXECTO E DESCRICIÓN DO PLAN ESPECIAL

1. O obxecto do plan especial é ordenar o ámbito dotacional IA-8, que forma parte do sistema xeral de equipamentos públicos (obtido por expropiación, a excepción dunha parcela catastral de 462 m² que segue a ser actualmente de titularidade privada) e os terreos de dominio público existentes entre este ámbito e as avenidas do Cruceiro da Coruña e de Asturias, con unha superficie total de 13.511 m² (11.550 m² correspondentes á parcela IA-8).



PTU AC 2022 043
SANTIAGO DE COMPOSTELA
PEID PLATAFORMA LOXÍSTICA
MALLOU - PARCELA IA-8.
Consultas Art. 75.3 LSG
Páxina 2 de 2

2. Todos os terreos do plan especial están incluídos no sector de solo urbanizable delimitado residencial de Mallou (SUD-1).
3. Este sector non ten iniciado aínda o seu desenvolvemento. A parcela IA-8 é un sistema xeral de equipamento (uso administrativo) inscrito no sector.
4. O plan especial pretende planificar nesa parcela a implantación dunha plataforma loxística para a distribución de mercancías ao servizo da cidade histórica de Santiago de Compostela.

III. INFORME.

1. O artigo 28 da LSG permite realizar construcións en solo urbanizable, sen aprobación previa da ordenación detallada, no caso de se executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas.
2. O plan especial debe conter as determinacións e documentación que se establecen no artigo 73 da LSG e nos artigos 177, 178, 183 e 184 do RLSG.
3. O documento do plan especial axustarase ás regulacións das normas técnicas de planeamento de Galicia.
4. Para a tramitación do plan especial seguirase o procedemento sinalado no artigo 75 da LSG; tendo en conta que o concello deberá solicitar das administracións públicas, ao tempo que se realiza o trámite de información pública, os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos (art. 75.1b da LSG).

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

M^a Encarnación Rivas Díaz



Expediente IET: P-22-167
Plan ou programa: PEID na parcela equipamento IA-8.
Plataforma loxística de Mallou, Meixonfrío
Concello: Santiago de Compostela (A Coruña)
Promotor: Concello de Santiago de Compostela
Expediente DXCASC: 2022AAE2660

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

De acordo co artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 39.1 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 28/02/2022 a Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico do Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela equipamento IA-8. Plataforma loxística de Mallou, Meixonfrío.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe. Emítese de acordo co que para tal efecto establece o artigo 39.2 do Regulamento da Lei 7/2008, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

2. Descrición do plan e contido da documentación:

O plan especial de infraestruturas e dotacións ten por finalidade definir as condicións de implantación dunha plataforma loxística para a distribución urbana. A plataforma loxística englobase nun proxecto que pretende establecer un novo modelo de distribución de mercadorías na cidade vella de Santiago a fin de minimizar a contaminación, así como os danos ao patrimonio histórico e os riscos para os viandantes.

O ámbito do plan especial ten unha superficie de 13.511 m², correspondéndose cunha parcela cualificada como equipamento (IA-8).

O documento ambiental estratéxico (DAE) (febreiro 2022) remite ao estudo da paisaxe (anexo 1) levado a cabo no borrador do plan (febreiro 2022). Neste estudo faise unha caracterización da paisaxe identificando os elementos de valor da mesma situados no ámbito. Tamén identifica os impactos xa existentes na contorna e xustifica as medidas de integración paisaxística que se deberán ter en conta no proxecto.

3. Características da paisaxe afectada polo plan:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o plan especial localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística de Terra de Santiago – A Barcala. No relacionado coas áreas de especial interese paisaxístico, a 2,5 km ao oeste atópase a AEIP-



07-10 O Monte do Pedroso e a 3,1 km ao sueste aparece a AEIP-07-11 Carballeira de Bando. A 1,7 km ao sur atópase o miradoiro de Fontiñas e 3 km ao oeste o miradoiro O Pedroso, e a 2,6 e 2,9 ao suroeste os miradoiros do Paseo dos Leóns e do Campus Universitario respectivamente. Ao carón do ámbito discorre o Camiño Inglés do Camiño de Santiago a escasos 30 m.

As parcelas atópanse ao norte da cidade de Santiago de Compostela, ao carón das avenidas do Cruceiro da Coruña e de Asturias e lindando polo sur coa rúa da Nogueira de Mallou e ao oeste con predios edificadas. As parcelas contan con pendente descendente de oeste a leste, aparecendo na zona baixa a uns 300 m o río Sar. A principal cobertura do solo é a de labradío e matogueira baixa, con algunhas árbores nos lindes coas avenidas.

4. Análise da incidencia do plan especial sobre a paisaxe:

O plan especial non presentará unha forte incidencia paisaxística toda vez que o ámbito no que se pretende executar a plataforma loxística queda integrada entre os polígonos industriais situados ao norte e o núcleo urbano ao sur, ao carón da N-550 e a N-634, se ben, ao atoparse lindando con edificacións residenciais e o Camiño de Santiago, pode producir un impacto visual neste elementos.

5. Conclusión:

O plan especial non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben terse en consideración as cuestións apuntadas a continuación para mellorar a integración paisaxística.

De acordo co artigo 35 do RLPPG, o plan especial deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado; ademais deberá incluír unha análise da visibilidade dende o Camiño de Santiago.

Con base no antedito estudo de paisaxe o plan deberá prever as medidas necesarias que aseguren a mellor integración paisaxística posible, entre as que cabe destacar:

- Deberanse prever barreiras vexetais nas marxes da parcela mediante arborado autóctono para minimizar o impacto visual da nova infraestrutura.
- Estableceranse unhas condicións tipolóxicas, estéticas e construtivas orientadas a que a edificación presente unha composición coidada; recomendándose para elo consultar a Guía de cor e materiais (dispoñible na páxina web desta consellería).
- O plan especial deberá establecer na normativa as condicións para a regulación dos peches da parcela, para o que deberá ter en conta as normas e recomendacións recollidas para a execución de cerramentos, valados ou sebes, na Guía de caracterización e integración paisaxística de valados (dispoñible na páxina web desta consellería).

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)





OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NA PARCELA EQUIPAMENTO IA-8. PLATAFORMA LOXÍSTICA DE MALLOU, MEIXONFRÍO, SANTIAGO DE COMPOSTELA

<u>Trámite:</u>	Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
<u>Documento:</u>	Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) do <i>Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela equipamento IA-8. Plataforma loxística de Mallou, Meixonfrío, Santiago de Compostela</i>
<u>Ámbito:</u>	Parcela equipamento IA-8
<u>Autor:</u>	Servizos técnicos municipais do concello de Santiago de Compostela
<u>Promotor:</u>	Concello de Santiago de Compostela
<u>Data da solicitude:</u>	28.02.2022
<u>Código web:</u>	2485/2022
<u>Expediente:</u>	2022/1626

MARCO LEGAL

O planeamento vixente no concello de Santiago de Compostela é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM) do 03.10.2007 (DOG núm. 204 do 22.10.2007).

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as directrices de ordenación do territorio
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

INTRODUCIÓN

En virtude do previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (en diante LAA) e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), o 28.02.2022 acórdase pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático "*Someter a consulta pública na páxina web deste órgano ambiental por un prazo de trinta días hábiles o documento ambiental estratéxico e o borrador do "Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela equipamento IA-8. Plataforma loxística de Mallou, Meixonfrío".* De acordo co artigo 5 da LAA, enténdese por "administracións públicas afectadas" as que teñen competencias nunha serie de materias entre as que se inclúen os bens materiais e o patrimonio cultural.

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. O artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG) establece que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural. En base á dita competencia fórmulanse as seguintes observacións e suxestións ao *Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela equipamento IA-8. Plataforma loxística de Mallou, Meixonfrío, Santiago de Compostela*:





1. Obxecto do expediente

O OBXECTO do Plan especial de infraestruturas e dotacións (en diante PEID) é ordenar a parcela dotacional IA-8, prevista polo PXOM vixente. A parcela forma parte do sistema xeral de equipamentos públicos de Santiago de Compostela. Así, preténdese implantar neste ámbito un centro loxístico de distribución para dar servizo á zona vella da cidade.

O ÁMBITO localízase na confluencia das avenidas do Cruceiro da Coruña e de Asturias, na rotonda de Meixonfrío. As avenidas do Cruceiro da Coruña e de Asturias son dous eixes do sistema viario que estrutura a cidade e constitúen os principais accesos á cidade desde o norte e o leste. Comunican o centro urbano residencial coas principais zonas terciarias e industriais da cidade, e co aeroporto.

O ámbito así delimitado ten unha superficie de 13.511 m², dos que uns 11.550 metros corresponden á parcela cualificada IA-8. Os terreos que conforman o ámbito do PEID están incluídos no sector de solo urbanizable delimitado de Mallou (SUD-1) previsto polo plan xeral vixente. O sector SUD-1 non conta con planeamento aprobado. As determinacións aplicables á parcela IA-8 son as que se recollen na ordenanza de equipamentos, no artigo 136 do PXOM, supeditadas en todo caso ás determinacións específicas que se deriven deste plan especial.

O criterio de ordenación é racionalizar os fluxos de entrada e saída dos camiões e vehículos lixeiros de redistribución de xeito que interfiran o mínimo posible sobre o sistema viario existente. A edificación dispórase nunha plataforma sensiblemente horizontal, nunha posición intermedia entre as cotas máis altas que corresponden a avenida do Cruceiro da Coruña polo oeste, e as cotas máis baixas, na rúa da Nogueira de Mallou, no extremo leste do ámbito.


A posición desta plataforma horizontal permite un acceso fluído á parcela desde a rúa da Nogueira de Mallou, canalizado nun único punto o acceso e saída dos camiões. Os camiões acceden para descargar a mercancía e volven saír polo mesmo punto, seguindo un circuíto de dirección única, que bordea a edificación, coherente coa organización do circuíto loxístico.

As determinacións que vai establecer o PEID preténdense flexibles, para permitir o acomodo da futura edificación, aínda por definir, tanto no seu programa pormenorizado como na súa concepción formal, pero suficientes para garantir a súa correcta implantación no terreo.



2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

Parte do ámbito IA-8 atópase dentro do territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés.



Fóra do ámbito, ao outro lado da avenida do Cruceiro da Coruña, está o Castro do Cruceiro da Coruña, tamén coñecido como o Castro do Pozo da Neve, coa referencia do Catálogo GA150078REF04 (o Borrador o identifica co código GA150078127). O nome fai referencia ao burato escavado na rocha no que se almacenaba a neve, para ter dispoñible o xeo nos meses máis cálidos. As obras de ampliación da antiga N-634 afectaron a este xacemento, do que apenas quedan vestixios.





Ademais, na edificación situada no nº 110 da avenida do Cruceiro da Coruña, tamén fóra do ámbito, apréciase a existencia dun hórreo, disposto sobre un baseamento de ladrillo e postes de formigón e inserido entre outras construcións auxiliares de carácter non tradicional. O dito hórreo non amosa valor cultural.



O Borrador recolle na súa Memoria xustificativa que "O trazado do Camiño Inglés discorre próximo ao ámbito do plan especial. O ámbito territorial de afección do Camiño afecta parcialmente á parcela IA-8, no seu extremo oeste.

Nos planos de ordenación móstrase o sólido capaz que representa a área de movemento máximo no que pode inscribirse o volume edificable dentro da parcela, posto en relación coa vivenda existente no núm. 110 da avenida da Coruña. Compróbase que a altura máxima prevista é practicamente similar á liña de cornixa da vivenda existente.

Por outra banda, a urbanización da parcela vai permitir acondicionar a embocadura da rúa de Mallou coa vía de servizo da avenida do Cruceiro da Coruña, mellorando os espazos destinados ao tránsito peonil.

Considérase, en resumo, que a ordenación proposta é plenamente compatible coa protección e posta en valor do camiño. En calquera caso o documento do plan especial deberá ser obxecto de informe da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico."

O documento proxecta unha zona (IP-AA) de amortecemento entre a zona residencial e a plataforma loxística que semella coincidir coa parte do territorio histórico do Camiño de Santiago, Camiño Inglés, que se ve afectado. Sinálase que "deberá incorporar no seu deseño medidas tendentes a mitigación acústica e visual (amoreamento do terreo, arboredo...) e que se configura tamén como unha zona de estancia e de conexión dos itinerarios peonís a través do ámbito, entre as cotas altas da avenida do Cruceiro da Coruña e as baixas da rúa de Nogueira de Mallou."

O plano de información PINF_08AFECCIÓNS recolle a afección ao Camiño de Santiago Inglés (identifica trazado do Camiño e ámbito de afección) e o Castro do Cruceiro da Coruña (área de protección integral e área de respecto). Non existe afección do PEID ao Castro do Cruceiro da Coruña.

3. Medidas protectoras e correctoras

- a. O Camiño de Santiago Inglés conta cunha delimitación oficialmente aprobada polo Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés. Trátase dun ben catalogado coa categoría de territorio histórico¹.

Deberase identificar axeitadamente no documento do PEID, tanto na Memoria como nos Planos de información e ordenación. Así, o Camiño está formado pola súa traza e o seu territorio histórico (que é o ben protexido); non sendo axeitada a identificación do territorio histórico como "ámbito de afección".

- b. A Normativa do PEID recollerá o réxime xurídico de intervencións nos bens catalogados establecido na LPCG; en concreto os artigos 39 e 44, que establecen a obriga da obtención de autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural para as intervencións en bens catalogados (como é o caso do Camiño Inglés) e os criterios de intervención.

Recoméndase ter en conta a Guía de boas prácticas para actuacións nos Camiños², editada pola Xunta de Galicia.

¹ Artigo 75 da LPCG

² http://ficheiros-web.xunta.gal/cultura/publicacions/guia_boas_practicas_actuacions_camino_santiago.pdf





CONCLUSIÓNS

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións no *Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela equipamento IA-8. Plataforma loxística de Mallou, Meixonfrío, Santiago de Compostela*.

Unha vez aprobado inicialmente o expediente, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá achegar o documento debidamente dilixenciado.

Santiago de Compostela, no día asinado dixitalmente á marxe

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

